

XXIV CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio de CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1999, ven de convoca-lo «XXIV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.–Poden participar tódolos poetas que o deseen, con textos en galego ou castelán.
- 2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
- 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
- 4.–É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.–Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuña de Sargadelos.

6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil.

7.–Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), nadal de 1999

BASES